

VIERNES, 14 de marzo de 2008

REPORTAJE: A GRAN RUPTURA | LUCES

Cancións para un intre histórico

Os fundadores de Voces Ceibes falan do nacemento e caída do seu grupo

ÓSCAR IGLESIAS | 14 MAR 2008

Archivado en: [Protestas estudiantiles](#) [Comunidades autónomas](#) [Vida estudiantil](#) [Administración autonómica](#) [Política educativa](#) [Ideologías](#) [Galicia](#) [España](#)
[Administración pública](#) [Música](#) [Educación](#) [Política](#) [Sociedad](#)

Na universidade galega, nos primeiros meses de 1968, algúns estudantes politizados distraen os lapotes da Policía Armada cun vello canto relixioso. Venceremos nós, na tradución, de Franco Grande, do We shall overcome que popularizaran Pete Seeger e Joan Baez.

A facilidade poética da chanson francesa non era o alimento habitual dos xiradiscos (escasos) da época. Tampouco o pop, bo daquela "para divertirse, pero pouco máis", segundo relata Vicente Araguas na súa crónica da época (Voces Ceibes, Xerais, 1991). Ao triunfo de Andrés Do Barro na radiofórmula española aínda lle quedaban meses. Precusores como Los Tamara e os epígonos estatais do rock británico conviven con Raimon -aclamado un ano antes no seu concerto en Santiago- e coa canción protesta estadounidense con guitarra de pau.

"Aqueles tempos eran unha merda total e absoluta", di Xavier González "Aquele Compostela albiscábase con ollos folk e, xa nunca máis, con ollos pop", escribe Araguas como lamentando a duración da profecía. Un folk previo á dignificación das raíces, contra a música tradicional secuestrada, vía folclore, polo Réxime.

Nese contexto musical, en trazo groso, nace o movemento Voces Ceibes (VC). O 26 de abril cúmprense 40 anos do mítico recital na Facultade de Medicina, carta de nacemento da Nova Canción Galega. Benedicto García, Xavier González del Valle -un dos primeiros musicadores de Celso Emilio Ferreiro-, Araguas, Xerardo Moscoso e Guillermo Rojo cantaron alí as súas letras e puxéronlle voz aos textos de Lois Diéguez, Antón Seoane e, nomeadamente, Celso Emilio. De Carta a Fuco Buxán a Longa noite de pedra, aquel primeiro batallón de música, estudantes avisados e poesía civil deu, segundo cita emocionada do profesor Alonso Montero, "unha canción á altura do intre histórico". Ademais de Celso Emilio, poetas como Cabanillas, Manuel María e Alfredo Conde (Os corpos) facían as veces de Éluard ou Espriu para aqueles mozos galegos. O obxectivo, crear un colectivo de canción galega ao xeito dos vascos Ez dok amairu e os cataláns Els setze judges, xermolo da nova cançó.

Xavier González, que agora vive en Collado-Villalba, remarca que o contexto sociolingüístico aquí era outro. "Aqueles tempos eran unha merda total e absoluta", di. "Lembro un intento de recital en Pontevedra... Como remate a un dos temas do Xerardo, un censor escribiu esta canción no se puede cantar porque es triste, e iso que estaba editada en disco. Era baixar a León e xa non pasaba iso". Da man de Xavier, que mantiña relación epistolar con Raimon, os VC orixinais graban para Edigsa cadanseu disco de catro temas, hoxe moi difíciles de atopar. A finais de 1969 é tamén o mugarde de Xavier quen abandona VC e marcha traballar a Oviedo.

"Aquel foi o fin de VC a efectos prácticos", sinala Benedicto. Xa logo entran e saen do grupo Miro Casabella -o único en activo arestora-, Xaime Barreiro Gil, Chuspe, que non chegou a sacar disco, Tino Álvarez, Bibiano Morón (que antes de VC facía versións de Aphrodite's Child en bandas de onda roqueira), Suso Vaamonde ou o adiantado Xoán Rubia. Deste último,

o cantante "vocalmente máis dotado daquel tempo", en palabras de Araguas, vallan de mostra retrousos como Meu pobre neno progre. Pero esoutra canción de autor aínda non era posible.

En 1972, ano do asasinato de Amador Rei e Daniel Niebla, os obreiros de Bazán, VC cantan en Milán, Roma, Suíza e París. Zeca Afonso achégase a Santiago e a relación con Portugal, sequera no intercambio de música, non volvería ser a mesma: Amália Rodrigues comeza a deixar de ser fascista. VC participa tamén na grabación do mítico disco colectivo Cerca del mañana, con Lluís Llach ou Imanol Larzábal. A portada do traballo -auspiciado por CC OO- ensina unha España vermella e negra da que foxen Galiza, Euskadi e Cataluña.

En liña co enfriamento ideolóxico da Transición, o Movemento Popular da Canción Galega (MPCG) esmorece nada máis oficializarse, no Festival Folk Galego de 1975. Un dos artistas daquel festival era Rodrigo Romaní. "Da nova canción galega, reducida á militancia antifascista, quedaron os que puideron darlle continuidade musical", resume o cofundador de Milladoiro. Avoltos no folk, para o xornalista Perfecto Conde, entón estudante de Hispánicas, "Pete Seeger fixo estragos demais nesta canción galega, que debeu escoitar mellor a Dylan". Desaparecida como proxecto colectivo, a marca Voces Ceibes perdurou ata os 80 na voz de cantores como Batallán ou Suso Vaamonde.

Para o académico Guillermo Rojo, que axiña escolleu a Lingüística, "non había máis remedio que axustar obxectivos". Mais os discursos de catro décadas despois tamén están abeirados á marxe. "En todo o verán pasado só me chamaron Mini e Mero [A Quenlla]", di Miro Casabella, quen afirma sentirse "totalmente marxinado pola cultura oficial". Xerardo Moscoso, cunha peripecia vital que recunha en México, como profesor de teatro do Instituto Coahuilense de Cultura, pensa que o traxe "enrugou". "Aquí non había editoras nin burguesía nacionalista... Polo demais, moitos foron dixeridos, pero eu sempre quixen ser como aquel vello Bertrand Russell que saía á rúa contra a guerra do Vietnam".

Da homenaxe pendente fala Bibiano Morón, promotor musical de éxito desde Articket. "Os que agora están construíndo o país non poden esquecer aos xuglares que o fixemos posible", afirma. É Ricardo Gurriarán, comisario da exposición compostelá 1968. Do Gaudeamus igitur ao Venceremos nós para a Fundación 10 de marzo, quen argalla agora un previsible concerto-homenaxe a Voces Ceibes. Sería o 1 de decembro, 40º aniversario do derradeiro recital de VC na Capitol compostelá.

De momento, a falta de produtos en orixe, o máis práctico para escoitar Voces Ceibes é recorrer aos fragmentos colgados na Rede. No propio blog de Benedicto, Chiscando un ollo, na Plataforma A Regueifa ou en ghaspista.com. O proxecto Noticias da Nova Canción Galega, o único dispoñible en formato cedé, aínda non foi reeditado.